

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES NOSA SEÑORA DO ROSARIO PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DÍA DAS ARTES DEDICADO A MARTÍN CÓDAX 2023

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Manuel Quintana Martelo, con NIF 33170834G, en virtude do seu cargo de presidente da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario (CIF Q1568002H), actuando en nome e representación da entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa



promoción dentro é fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, con sede en A Coruña, é unha das trece creadas en España polo Real decreto do 31 de outubro de 1849, coa denominación de Academia Provincial de Belas Artes. Posúe o título de real dende o 12 de xullo de 1916; o 14 de abril de 1947 foi oficialmente autorizada para poñerse –segundo é tradicional entre as academias– baixo a advocación da Virxe do Rosario, patroa da cidade da Coruña, e pola Orde ministerial do 31 de xaneiro de 1984 (BOE do 24 de marzo de 1984) autorízase o cambio de denominación pola de Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

O seu actual regulamento, aprobado pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (Decreto 34/2018, de 1 de marzo, publicado no D.O.G. de 22 de marzo de 2018), substitúe ó aprobado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia (Decreto 141/2004, de 25 de xuño, publicado no D.O.G. do 7 de xullo de 2004), e ó aprobado polo Ministerio de Educación e Ciencia (Orden ministerial do 2 de outubro de 1990, publicada no BOE do 6 de outubro de 1990), e a faculta como institución oficial consultiva da Administración, para actuar en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto no artigo 32 da Lei 16/1985, de patrimonio histórico español, así como para promover e realizar estudos de investigación e fomentar o desenvolvemento das manifestacións artísticas dentro de Galicia.

A relación directa da Real Academia de Belas Artes con outras institucións prodúcese moi pouco tempo despois da súa creación. Unha das máis importantes é a que determinou a creación, en 1854, dos estudos de belas artes, e especialmente os de carácter máis elemental, que constituíron a iniciación da escola de belas artes, logo artes e oficios artísticos, a cal dependía da Real Academia de Belas Artes.

Tamén foi misión primordial desta a creación dun museo provincial como principal complemento dos estudos de belas artes. En 1902 tomouse o acordo corporativo de efectuar as xestións precisas para a súa creación. Esta xestións, suxeitas a cambios políticos, unhas veces, ou a dificultades económicas outras, resultaron infrutuosas entón, ata que, por fin en 1938, o Estado cedeu o pazo do Real Consulado do Mar para sede do Museo Provincial de Belas Artes (creado este pola Real orde do 24 de marzo de 1922, Gaceta de Madrid do 31 de marzo de 1922) e da Real Academia de Belas Artes. No ano 1986 quedou tamén integrada a academia no Instituto de España.

A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES HOXE



A Real Academia Galega de Belas Artes depende da Xunta de Galicia e está constituída por catro categorías de Académicos: Numerarios, Correspondentes, Honorarios e Supernumerarios.

A Academia está composta, na actualidade, por sete seccións: Pintura e Gravado, Escultura, Arquitectura, Música, Arqueoloxía e Museoloxía, Artes da Imaxe, e Expertos nas Artes. Cada sección pode contar cun número máximo de cinco Académicos Numerarios. Celebra sesións ordinarias de forma mensual, e extraordinarias para asuntos de especial relevancia.

A Academia ven desenvolvendo toda unha serie de actividades, tal como fixan os seus estatutos:

- Información e asesoramento institucional á Xunta de Galicia e organismos públicos sobre patrimonio e bens artísticos, a afectos de catalogación, protección ou adquisición, denuncias o información pública sobre o estado e conservación do patrimonio de Galicia.
- Organización de cursos, ciclos de conferencias, audicións musicais, concertos e exposicións de belas artes, contando con seus propios fondos.
- Organización de exposicións. Edicións de publicacións e catálogos.

Posúe unha biblioteca especializada en arte. No ano 1989 creouse o Arquivo Musical de Galicia, coa finalidade de contar cun fondo de documentación e información. A partir de 1991, consecuencia do incremento dos fondos sobre patrimonio artístico, así como varios legados fotográficos, entre os que destaca o do historiador don Manuel Chamoso Lamas, organizouse o Arquivo de Imaxes, de importante valor para a historia, a investigación e a documentación da arte galega.

A Academia concede, como a súa máxima distinción, a Medalla de Honra en recoñecemento ó labor desenvolto por persoas ou entidades públicas ou privadas no cultivo, fomento, protección e defensa das belas artes en Galicia. Tamén outorga a Medalla Marcial del Adalíd, nas súas categorías de ouro e prata, para premiar a contribución ó auxe e mantemento artístico da música por corporacións e membros non profesionais das distintas agrupacións de Galicia.

Ademais de publicar catálogos das exposicións realizadas, dos seus Arquivos Musical e de Imaxes, así como dos discursos de ingreso dos Académicos, edita como órgano de difusión a revista corporativa Abrente, de edición anual onde se informa das actividades académicas, con artigos, investigacións e ensaios sobre as distintas artes.



Para este ano 2023 a Real Academia Galega de Belas Artes vai realizar actividades para o Día das Artes MARTÍN CÓDAX 2023.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio a colaboración coa Real Academia Galega de Belas Artes para a realización de actividades con motivo do Día das Artes dedicado a Martín Códax.

Actividades relacionadas directamente co Día das Artes 2023:

Ciclos de concertos de cámara. Custo: 13.300 €

Guía didáctica. Custo: 6.700 €

Gastos de xestión do Programa Día das Artes 2023. Custo: 25.000 €

Custo total das actuacións: 45.000 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. Este ano 2023, o Día das Artes dedícase a Martín Códax. A Real Academia Galega de Belas Artes realizará actividades para poñer en valor a figura e legado do trobador vigués Martín Códax.

Por todo o anterior é a Real Academia Galega de Belas Artes a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2023, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Real Academia Galega de Belas Artes

A Real Academia Galega de Belas Artes comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación



anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A RAGBA deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A RAGBA ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A RAGBA deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A RAGBA comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a aboar a cantidade total de 45.000 €, 25.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432B.481.2 e 20.000 € con cargo á aplicación



orxamentaria 10.04.432B.781.1, dos orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, código de proxecto 201500372.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (45.000 €), a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades diminuírase proporcionalmente.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 15 de decembro de 2023.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A RAGBA presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria deberase indicar o impacto das actividades entre o público (público asistente) e o impacto en medios de comunicación, prensa escrita e medios dixitais.
- ✓ Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:



- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
 - ✓ Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2023 o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a RAGBA non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

En virtude do artigo 63.1.1 do Regulamento de subvencións de Galicia, no caso do importe financiado con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432B.481.2 (25.000 €), a RAGBA poderá solicitar pagos anticipados ata o importe máximo de 15.100 €

En virtude do artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, no caso do importe financiado con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432B. 781.1 (20.000 €), a RAGBA poderá solicitar pagos anticipados ata o importe máximo de 10.000 €

No caso de que a RAGBA solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A RAGBA tamén poderá solicitar pagos a conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder dos seguintes importes:

- Con cargo á aplicación 10.04.432B.481.2: 20.000 €
- Con cargo á aplicación 10.04.432B. 781.1: 16.000 €

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4.f) do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro; o apartado 4.i) do devandito artigo exonera de constitución de garantía aos beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e polo presidente da RAGBA.

SÉTIMA.- Causas de resolución



O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a RAGBA acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.



Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.



As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2023.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

O presidente da Real Academia
Galega de Belas Artes

Manuel Quintana Martelo

